

VIERNES, 18 de noviembre de 2011

REPORTAJE: LUCES

Á procura dunha lingua de 'calidade'

Un ensaio do profesor Sánchez Rei reaviva antigos debates sobre o galego

MONTSE GONZÁLEZ | 18 NOV 2011

Archivado en: [Ensayo](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

As únicas linguas que non mudan son as mortas. A variación é característica esencial de calquera idioma. A uniformidade do rexistro estándar é resultado dun proceso complexo que non remata cunha variedade dialectal, que non é unha eiva, senón unha riqueza. E o galego non é excepción. Se algo o ameaza son as interferencias do castelán. O profesor da Universidade da Coruña Xosé Manuel Sánchez Rei reforza con argumentos coma estes a réplica a preconceptos sobre o galego no ensaio *Lingua galega e variación dialectal*, que acaba de publicar Laiovento.

O libro reaviva algúns dos principais debates arredor das diferenzas internas que amosa o idioma. Unha, a que responde ao factor xeográfico, foi ás veces condenada como atraso e utilizada para negarlle ao galego o status de lingua, e noutras ocasións idealizada como fala natural oposta ao estándar. Sexa como for, a variación dialectal do galego non é tan elevado como de xeito intuitivo se considera. "No ámbito fonolóxico e fonético, por exemplo, as similitudes no sur de Francia son do 50%, e en Galicia, do 90", explica a profesora e directora do Instituto da Lingua Galega, Rosario Álvarez.

A posición dominante do castelán é fonte de deturpación

Todas as linguas varían. Tamén no tempo, segundo o contexto ou como reflexo da estratificación social, da diversidade étnico-cultural ou das diferenzas de xénero ou idade, sinala Sánchez Rei no libro. Non hai dous falantes iguais. Nin a variación se atopa en perigo de extinción. "Hai trazos dialectais que avanza e outros retroceden, é normal. O estándar é convención, unha variante que se adopta como forma culta, pero nin pretende nin pode acabar coa variación dialectal, simplemente faina cambiar", indica Álvarez.

"Nos setenta o propio idioma ía eliminando variación: en zonas onde concorían formas como a rosaliana cantás e a maioritaria cantades, aquela de xeito espontáneo ía desaparecendo", engade o catedrático da Universidade de Santiago Francisco Fernández Rei, un dos responsables do traballo de campo do Atlas Lingüístico Galego.

As orixes da variación son diversas. Do mesmo xeito, a preocupación dos poderes públicos por crear un estándar que unificase a lingua e favorecese o Estado-nación, áchase nos alicerces da uniformización. "As linguas que son só orais na comunidade local, en sociedades tradicionais, teñen moita variación dialectal. A pregunta que temos que facernos é a contraria: como se unifican as linguas?. Na medida en que se modifican as condicións anteriores, a unificación avanza", comenta o tamén profesor Henrique Monteagudo.

A cuestión é que, no galego, a posición dominante do castelán é fonte de deturpación. Ambas confúndense, de xeito que o que son en realidade castelanismos acaban sendo

aceptados, a nivel popular, como trazos dialectais, converténdose nun obstáculo para a calidade da lingua. "A presión do español provocou que levemos anos a confundir variación dialectal con trazos alleos á nosa lingua, de maneira que ás veces xustifícase calquera fenómeno por escoitármolo habitualmente na fala, sen peneirar o propio do foráneo", salienta a profesora Goretti Sanmartín.

O desacordo que se mantén entre filólogos sobre a orixe da gheada exemplifica deste fenómeno. Para uns é unha evolución do galego medieval. Para outros, interferencia do castelán. Sánchez Rei decántase pola segunda hipótese e Monteagudo pola primeira. A extensión xeográfica da gheada e do seseo, aclara Fernández Rei, "é a mesma desde hai trinta anos. Na xente nova si que se aprecia un intento de agachalo, porque aínda que forman parte da normativa, na práctica os prexuízos contra a gheada, fenómeno xerado polo galego, seguen vixentes".

Fernández Rei dá pistas, porén, para non esaxerar o impacto do castelán. "Nas propostas da normativa vixente houbo que escoller. No plural occidental -ns que é o que usaron clásicos como Rosalía, Pondal ou Manuel Antonio; e tamén no pronome basicamente occidental ti, que non só usaron escritores que o tiñan no seu galego, senón tamen Otero Pedrayo ou Cunqueiro, que preferiron a forma diferencialista do castelán no canto da propia, que era tu". Sánchez Rei advirte da ameaza que supoñen para o galego a substitución polo español e o proceso de hibridación. "O principal problema está na sintaxe", sostén.

"É grave a deficiente colocación do pronome persoal átono, mesmo por eliminar as distintas opcións existentes e confluír co español, a introdución de tempos compostos, de maneira directa ou disimulada [a partir, por exemplo, da tradución de 'haber' a 'ter'] e, en xeral, na ruptura da sintaxe do galego que mesmo galegofalantes poden non recoñecer ou traducen sistematicamente ao modelo español", subliña Goretti Sanmartín. O problema está intrinsecamente relacionado coa percepción social do estándar. "Dun xeito inconsciente, moita xente asume que o galego é a lingua B e a o castelán a lingua A", cre o profesor Freixeiro Mato.

Incorporarse á 'neofala'

"Hai unha certa resistencia ó estándar que eu vexo ata certo punto comprensible, porque un ten que estar cómodo coa súa lingua. Nun contexto máis formal é o estándar o que se debe usar. Pero o que non podemos é pedirles aos falantes que estean nun permanente acto de militancia", opina Rosario Álvarez. "Os castelanismos, para algúns galegofalantes, poden ter unha afectividade que non ten o estándar e en usos familiares non che é o mesmo queixarse de dolor que de dor; e no galego oral hai castelanismos que o falante pode usar conscientemente polo valor intensificador. É caso de adxectivos como bueno que xente que sempre di bo ou bon pode usarse ese bueno para indicar moi bo, excelente", amece Fernández Rei.

Monteagudo propón reforzar o galego culto na riqueza dialectal para ter menor "artificialidade". "Recoñecermos como singulares o infinitivo flexionado ['É urxente lermos literatura contemporánea'], da interpolación ['Fai o que che eu digo'], de estruturas do chamado complemento directo preposicional ['Non andes a regalar neles'], optar polos conectores propios do galego ['Ben', 'mais', 'porén'] e dedicármolle esforzo a potenciar o seu uso son maneiras de nos diferenciar do castelán e de reducir o perigo da confluencia que provoca innumerábeis deturpacións", suxire Sanmartín.

"Os galegofalantes tradicionais, os que falan o auténtico galego con fonética,

fraseoloxía e sintaxe galega, pero con castelanismos léxicos teñen baixa estima da súa fala e ven nos neofalantes un modelo de bo galego. Mais benvidos sexan milleiros de neofalantes, con cinco ou sete vogais e con erros de colocación de pronomes, que esperemos vaian corrixindo", conclúe Fernández Rei.